




IV PREMIO LUÍSA VILLALTA * INICIATIVAS NORMALIZADORAS
NAS UNIVERSIDADES GALEGAS



PREMIO LUÍSA VILLALTA

a iniciativas normalizadoras
nas universidades galegas

IV edición (2007)

★

PREMIO LUÍSA VILLALTA

a iniciativas normalizadoras nas universidades galegas

A Coruña, novembro 2007

★

Limiar 05

IV Premio Luísa Villalta (2007)

Primeiro premio 11

Categoría Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

Segundo premio 29

Categoría Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

Terceiro premio 43

Categoría Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

Primeiro premio 49

Categoría Artigo xornalístico

Segundo premio 53

Categoría Artigo xornalístico

Terceiro premio 57

Categoría Artigo xornalístico

Anexo 1 61

Convocatoria do IV Premio Luísa Villalta
a iniciativas normalizadoras nas universidades galegas

Anexo 2 69

Resolución do IV Premio Luísa Villalta
a iniciativas normalizadoras nas universidades galegas

Saen agora do prelo os traballos gañadores do IV Premio Luísa Villalta a iniciativas normalizadoras nas universidades galegas con esta publicación que, fiel á súa cita anual, recolle aqueles textos que, segundo o criterio do tribunal que os xulgou, foron merecentes de distinción tanto na modalidade de deseño dunha campaña de normalización da lingua galega como na de artigos xornalísticos. A cantidade e a calidade dos traballos presentados permitiron nesta ocasión que ningún dos premios que figuraba na convocatoria ficase deserto.

Unha vez consolidado o carácter interuniversitario do premio, é grato comprobarmos que entre as persoas gañadoras deste ano 2007 se encontran estudantes das tres universidades galegas que o convocan. E ten interese tamén constataremos que, igualmente, estes pertencen a centros ou facultades diferentes e variadas, o que vén a demostrar a súa progresiva penetración no conxunto do noso sistema universitario. Sen deixarmos de resaltar tampouco que unha das persoas gañadoras é un estudante americano cun deseño de campaña que leva por suxestivo título “Os estranxeiros e a mocidade aprendendo xuntos o galego”.

Tanto este como os outros traballos gañadores presentan ideas moi interesantes para seren aproveitadas nas campañas normalizadoras que desenvolvemos desde as tres universidades e tamén noutras campañas que se puideren levar a cabo desde diferentes ámbitos da sociedade. Esta publicación que agora ve a luz posibilita, precisamente, que tales ideas e iniciativas poidan ser coñecidas, divulgadas e valoradas con carácter xeral.

Por outra parte, non convén esquecermos que é a escritora e profesora de Lingua e Literatura Galegas Luísa Villalta, exemplar normalizadora da nosa lingua desde as múltiples facetas da súa actividade cívica, social e cultural, quen dá nome a este premio que xa vai pola cuarta edición. Porque



8 LUÍSA VILLALTA

esta autora, que infelizmente nos deixou a unha idade moi temperá e nunha etapa de plenitude creativa, moi ben pode ser tomada como paradigma de persoa comprometida coa lingua galega e impulsora da normalización lingüística na súa cidade, A Coruña, á cal dedicou o poemario *En concreto*, e no conxunto do país.

Con efecto, o labor de Luísa Villalba proxectouse a toda a sociedade galega e o seu legado persoal e artístico é hoxe patrimonio de todos e de todas nós. Tamén, por tanto, da Universidade da Coruña, que instituíu o premio, mais igualmente das outras dúas universidades do país, que se adheriron a el. Por iso son hoxe as tres institucións universitarias galegas as que o convocan, recoñecendo así, pola vía dos feitos, o valor exemplar da autora como modelo a seguir no traballo por normalizarmos a nosa lingua no ámbito universitario e na sociedade en xeral.

A tal obxectivo esperamos que contribúan tamén os textos que veñen a seguir.

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Director do Servizo de Normalización Lingüística da UDC



1

Primeiro premio categoría
Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

A miña lingua é galega

Autora: Patricia Comesaña Comesaña

Contexto

Situación do galego nos centros educativos:

O emprego do galego dentro do ámbito educativo é moi limitado e desfavorable, reducindo o seu uso, ás veces, a situacións case anecdóticas. Así, na Administración: en xeral, nos usos institucionais, administrativos e informativos, o galego é o medio de expresión habitual, xa que a maior parte da documentación está escrita na nosa lingua, aínda que manteñen polo xeral unha tradución ao castelán.

Os docentes:

Polo xeral, os docentes das tres universidades coñecen o galego nun nivel medio-alto, pero non o empregan no seu traballo diario. De feito,



ao redor dun 70% dos docentes imparten as súas materias en castelán.

Os alumnos:

Poden escoller a lingua que desexan empregar con independencia da que empregan os docentes e as institucións. A pesar de que un 90% do alumna-do entende o galego esta cifra diminúe moito á hora de empregalo.

En resumo, todo parece indicar que o uso do galego no contorno universitario é case residual (dependendo da preferencia de profesores e alumnos), xa que na realidade das aulas o castelán segue sendo a lingua predominante.

Obxectivos xerais

1. Xerar contextos específicos para o uso do galego dentro da universidade.
2. Establecer un uso normalizado, ben sexa escrito ou oral, do galego dentro da comunidade universitaria (docentes, alumnos, PAS...), situando a lingua galega na mente dos estudantes e dos profesores como unha lingua de calidade cunha identidade propia e unhas características xenuínas para empregala en todos os ambientes e con todos os estratos sociais.
3. Fomentar o uso do galego como lingua de progreso para futuras xeracións.
4. Dar a coñecer os recursos tecnolóxicos, lingüísticos, de lecer, e intereses que ofrecen as universidades respecto do emprego e expansión do galego.
5. Situar favorablemente o galego como lingua de uso cotián.
6. Fomentar a cooperación individual e colectiva no desenvolvemento e participación nos organismos de defensa e patrocinio do galego.

7. Consolidación do emprego da lingua galega nos centros de formación que lle permita ao público a súa plena identificación co sentimento galego.

8 Creación dunha liña de comunicación gráfica atractiva e coherente en que se identifique a lingua galega cos intereses e características propias da mocidade.

9. Potenciar a presenza e o uso do galego en e a través de coloquios, congresos, aulas, situacións de lecer e tempo libre etc.

Actividades

Debemos conseguir que os estudantes e os docentes adquiran conciencia da importancia do emprego do galego a través dunha serie de accións centradas no fomento do seu uso. Todos os participantes no ámbito educativo se deben converter nos primeiros defensores e usuarios da nosa lingua.

Para conseguir isto, o primeiro que hai que ter en conta é que pretendemos consolidar o galego nos centros de formación como lingua oficial empregada no círculo universitario. Que os estudantes se identifiquen co espírito galego que queremos conseguir.

O plan de promoción divídese en dous bloques de actuacións:

Promoción directa: empregando pezas gráficas publicitarias tradicionais

- Cartelaría: 30x50 cm
- Dípticos informativos das accións
- Marcapáxinas
- Reclamo publicitario: piruleta azul

Promoción indirecta: accións non estritamente publicitarias que serven para fomentar o emprego do galego

- Charlas, debates, exposicións...
- Obradoiros de técnicas de escritura creativa en galego
- Obradoiros de presentación do novo léxico en galego
- Obradoiro de galego para estranxeiros
- Creación dun *blog*/foro de debate do galego para os membros da comunidade universitaria
- Establecer un acordo de colaboración e expansión das linguas autonómicas coas facultades de filoloxía catalá e vasca

Concepto creativo

Como en calquera campaña lingüística, o obxectivo é conseguir que o maior número de individuos empreguen con asiduidade unha determinada lingua. No noso caso, o galego.

Para desenvolver creativamente o material gráfico desta campaña expomos os puntos principais sobre os que queremos fortalecer e incidir no uso do galego.

A través dun xogo visual que mostra a lingua física dunha persoa, aludimos ás características sociolingüísticas do ente “lingua” como idioma propio que hai que ensinar.

Deste xeito, “ensinar” convértese no eixo central da campaña cun dobre significado:

- por unha banda, o significado de mostrar algo tanxible: a lingua (parte do corpo).

- por outra banda, estaría a idea de aprender e empregar a lingua galega como idioma, como lingua propia identificatoria e á vez diferenciadora doutras comunidades.

Neste sentido, a campaña incide en varios aspectos ou ámbitos en que se busca xeneralizar o uso do galego como lingua habitual na nosa comunidade, a través dos seguintes slogans:

A miña lingua é espectacular: referente ao emprego do galego no ámbito da cultura (concertos, teatro, festivais, cine...).

A miña lingua é ou meu sentimento: referente ao feito de que o emprego do galego debe ser algo que responda a un interese persoal, nunca a unha obrigación; xa que polo xeral as obrigacións son mal recibidas, xerando un sentimento de rexeitamento.

A miña lingua é a miña bandeira: a lingua é o aceno de identidade dos galegos, tan representativa como a nosa bandeira.

A miña lingua non ten fronteiras: referente ao feito de que a lingua galega pode converterse no idioma dos estranxeiros que ao emigrar dos seus países buscan en Galicia un futuro.

A miña lingua é unha lingua en toda regra: busca situar o galego ao mesmo nivel que outras linguas que se empregan no Estado español. Ademais, o galego é unha lingua normativizada, o que lle imprime un peso importante fronte ao español como lingua.

A miña lingua é unha lingua para medrar: é dicir, para crecer en dous sentidos. Por unha banda unha lingua para empregar desde os primeiros anos de vida dun neno; e doutra banda, a lingua galega en si ten que seguir crescendo (tanto no seu uso, como en contidos, adaptados aos novos tempos, neoloxismos...).

A miña lingua é unha lingua en liña coas vangardas: é dicir, unha lin-



gua que se adapta ás novas realidades patentes en Galicia.

A miña lingua é unha lingua sen complexos: é dicir, unha lingua que superou os temores, as inseguridades e a baixa autoestima de épocas pasadas.

A miña lingua fala por todos: o galego como lingua para ser empregada por todos e en todos os niveis e ámbitos socioculturais, políticos etc.

A miña lingua é unha lingua moderna: é unha lingua para empregar entre a mocidade, que se adapta á súa xerga lingüística, ás súas necesidades e intereses etc.

A miña lingua é unha lingua para compartir: o galego empregado como lingua habitual nas relacións sociais e persoais.

A miña lingua é unha lingua enriquecedora: o galego como medio para enriquecerse lingüística e culturalmente.

Carteis promocionais



Proposta de Iniciativas Normalizadoras

A miña lingua é
GALEGA



20 LUÍSA VILLALTA




A miña lingua fala

por todos



A miña lingua é unha lingua
sen complexo







Propomos, ademais, unha actividade publicitaria de reclamo puntual do galego para realizarse nun día significativo para a nosa comunidade; por exemplo, o Día das Letras Galegas.

Esta actividade baséase no emprego dun caramelo de cor azul, que tinxa a lingua desta cor. Este reclamo serviranos para incidir dunha forma simpática sobre o alumnado na importancia de “tinxir a nosa lingua de azul” (é dicir, de empregar o galego como lingua habitual). Xunto a este doce, entrégaselles ao alumnado, ao PAS e ao profesorado, un díptico que conteña información interesante relativa ao estado actual da lingua galega na actualidade, a cursos ou obradoiros sobre lingua e cultura galega, a páxinas de interese que traten temas sobre Galicia etc.

Actividades

1. *Actividades de promoción publicitaria:*

Os carteis serán o primeiro punto de partida desta campaña. O seu emprego destinarase a todas as facultades dos tres campus das universidades galegas. Intentarase colocalos en puntos estratéxicos onde a súa percepción sexa o máis impactante posible. Lugares como as propias aulas, cafeterías, bibliotecas ou taboleiros de anuncios son localizacións idóneas para achegarnos ao noso público obxectivo.

Os carteis serán o elemento máis notorio de que a universidade está levando a cabo unha campaña de dinamización do uso do galego.

Os dípticos farán a continuación máis patente a existencia da campaña que se está a desenvolver. Neles atoparanse datos tan importantes como as accións de promoción indirecta que se van levar a cabo e que máis adiante se explican. Estes dípticos estarán á disposición dos interesados nos distintos centros educativos e en instalacións similares.

Como o galego é cultura, e a cultura dánvola os libros, creamos un elemento gráfico, marcapáxinas, con obxecto de ir nos propios libros, mantendo sempre a liña gráfica básica. A función principal deste elemento é recordarlle aos usuarios das bibliotecas que se lea en galego. Estes marcapáxinas poranse dentro dos libros, colocados aleatoriamente, para que aqueles que os tomen prestados os atopen dentro e se fixen neles.

A campaña directa converterase no medio para informar as persoas interesadas das actividades que se van levar a cabo para incentivar o emprego da lingua galega.

2. Actividades de promoción lingüística:

O obxectivo destas actividades é o emprego da lingua na súa práctica, falar, ler e escribir en galego. Faranse charlas, exposicións dos textos e a arte máis relevantes da nosa lingua, relatorios... Intentarase buscar protagonistas da cultura galega nas distintas áreas sociais que se desenvolvan nas facultades, ou ata aproveitar a presentación dalgún libro escrito en galego para facelo nas propias facultades e así achegar as publicacións galegas ao alumnado e ao profesorado.

Realización de **obradoiros de técnicas creativas en galego**, onde as persoas interesadas poderán iniciarse no mundo da creación literaria na nosa lingua. Deste xeito, o alumnado iniciarse na escritura de textos literarios empregando o galego como vehículo de expresión artística. Neste obradoiro tamén se darán a coñecer libros e escritores que empregan o galego como lingua literaria. Neste mesmo camiño, pódense realizar certames literarios.

Realización de **obradoiros para a presentación de novo léxico en galego**. O galego, como lingua moderna que é, axústase ás novas realidades lingüísticas que a sociedade demanda. Por iso se fai imprescindible presentar ao público este novo vocabulario, para que o incorporen ao seu léxico.

Realización de **obradoiros de galego para estranxeiros**. Cada vez son máis os estudantes foráneos que acoden ás universidades galegas para

completar a súa formación (estudantes Erasmus); así como estudantes de familias inmigrantes que estableceron a súa residencia na comunidade galega e que xa tiveron en etapas educativas anteriores un primeiro contacto coa lingua galega, pero queren seguir profundando no seu coñecemento e emprego. Para este alumnado establécense obradoiros específicos de lingua galega. Sería moi enriquecedor que a este curso acudisen alumnos galegos (por exemplo, de Filoloxía Galega), para axudar aos estudantes estranxeiros a manter e corrixir os erros que poidan cometer á hora de manter conversacións en galego, de modo que sexan obradoiros máis activos.

Outra proposta que, ao noso parecer, pode resultar interesante é a de reservar un espazo exclusivo e ben visible nas **bibliotecas** para libros escritos en galego ou con temática galega. Deste xeito, é máis fácil atopalos que se están espallados entre os outros libros. Neste recuncho pódense presentar novidades editoriais, ofertar información semanal sobre algún libro/autor (por exemplo, no Día das Letras Galegas).

Creación dun blog/foro de debate do galego para os membros da comunidade universitaria. O obxectivo é aproveitar os recursos que nos brindan as novas tecnoloxías para crear un espazo propio da comunidade universitaria galega onde poder relacionarse e tratar aqueles aspectos de interese sobre o coñecemento e o manexo da lingua galega: propostas, dúbidas, información, temas de discusión... de modo que se converta nun referente dentro da Internet.

Para rematar, expomos un **acordo de colaboración coas facultades de Filoloxía das outras dúas comunidades históricas: Cataluña e País Vasco.** O obxectivo é que os alumnos destas comunidades se animen a traducir ás súas linguas maternas textos escritos en galego, e os estudantes galegos traduzan á nosa lingua textos destas comunidades. Estableceríase unha relación constante coas facultades das devanditas comunidades para solucionar dúbidas ou problemas á hora da tradución, intercambio destas culturas... Cremos que esta proposta pode ser moi enriquecedora á hora de completar un currículo académico.

Implicados e implicantes

Ao tratarse dunha estratexia tan desenvolvida como a que se está a presentar, son moitos os implicados e implicantes que participan dela. Buscamos que sexan o maior número de xente posible e que pertenza a todos os estamentos educativos.

Con todo, será principalmente o alumnado da comunidade universitaria, o profesorado e o pas os destinatarios desta acción promocional. Non debemos esquecer, así mesmo, os estudantes estranxeiros (temporais - Erasmus e Sénecas-, así como aqueles residentes na nosa comunidade), que poderán dispor de actividades específicas como grupo estudantil con necesidades lingüísticas especiais.

Temporización

Toda esta campaña está estratexicamente planificada para levar a cabo durante un ano (12 meses). As accións realizaranse paulatinamente, unha detrás doutra.

Presentamos doce carteis que se exporán ao longo dun ano a razón dun por mes.

A maior forza de notoriedade será no primeiro cuatrimestre coa presentación da campaña gráfica. Non mes de outubro colocaranse os carteis e a continuación os dípticos. Paralelamente, comezaranse cos marcapáxinas. O que buscamos é notoriedade, polo que as accións son “agresivas” e directas.

Primeiro realizarase unha presentación da campaña gráfica ante os medios para darlle a coñecer ao noso público obxectivo as actividades que

se van levar a cabo ao longo do curso académico, así como os obxectivos que se pretenden conseguir con esta. Para esta presentación, estarán presentes representantes dos Servizos de Normalización Lingüística das tres universidades galegas.

Os obradoiros e as charlas estarían programados xa a comezos do curso académico, igual que o foro de debate, para deste xeito sacarlle maior partido ás actividades.

Respecto ao convenio de colaboración con outras universidades, este sería durante un curso académico, con posibilidade de amplialo en anos sucesivos.

Ao longo do curso realizaranse avaliacións das actividades, para establecer os cambios, o nivel de aceptación e a satisfacción das actividades co obxectivo de ir acomodándoas aos intereses dos participantes ou emendando posibles deficiencias que se puidesen descubrir.

Orzamento

O amplo plano de actividades fai que os custos desta campaña poidan ser elevados; dependendo das actividades que se queiran levar a cabo.

Por unha banda, a campaña gráfica supón un desembolso económico alto debido ás distintas pezas que se van realizar. Os custos de produción e impresión están arredor dos os 3.000 euros (divididos entre creatividade gráfica, impresión de carteis, dípticos, marcapáxinas e doces).

As charlas, debates, presentacións de libros e exposicións considerámolas como actos de balde por parte dos implicados, pero estimamos unha pequena cantidade para calquera tipo de eventualidade, pequenos gastos, mantemento... 3.000 euros.

Os cursos serían aboados polo alumnado a un prezo simbólico, polo que non prevemos gastos nesta actividade.

Tendo en conta estes datos podemos presupor que o orzamento oscilará entre os 6.000 ou 7.000 euros.



30 LUÍSA VILLALTA

2

Segundo premio categoría
Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

Os estranxeiros e a mocidade aprendendo xuntos o Galego

Autor: Mark Wiersma

Introdución

Antes de comezar quixera salientar o feito de que esta campaña pretende abrir paso a un novo paradigma nun aspecto do ensino do Galego aquí en Galiza, que consiste na mellora do proceso de ensino-aprendizaxe entre estranxeiros que queren aprender Galego e os alumnos de institutos e/ou escolas que poden falalo.

O seu *modus operandi* será a sostibilidade, que é o único que realmente produce cambios. A palabra *campaña*, para moitos, soa a fugacidade e a miúdo leva asociado un contido visual predominante. É dicir, moitas campañas (particularmente en ámbitos da publicidade ou política) teñen o

obxectivo de convencer como o seu fin, e poden quedar, malia as mellores intencións e unha mensaxe inesquecible, nunha simple experiencia visual, percibida polo público. O que chamaremos agora, “o público” ve cada día unha morea de millóns de imaxes e mensaxes, cada unha meticulosamente traballada para destacar neste ambiente tan competitivo que quere chegar ao cidadán.

Aquí tentaremos facer unha campaña onde a experiencia visual sexa reemprazada por unha experiencia vivida. Trátase, por unha banda, dunha campaña que pretende traspasar as fronteiras entre institucións que teñen a saúde e benestar da lingua galega coma a súa meta, pero que até o día de hoxe se viron como entidades separadas. Pola outra banda, temos unha compoñente práctica onde durante un mes, veríamos como esta idea funciona con clases dinamizadoras levadas a cabo en varias escolas, utilizando un voluntariado composto de estranxeiros e un coordinador provisto de innovadoras unidades didácticas.

I. Obxectivos do proxecto

A meta deste proxecto, en esencia, depende de dous factores que se complementan mutuamente. Pretende dinamizar as achegas aos usos lingüísticos dos estudantes tanto nas escolas e nos institutos como dentro do ensino do Galego para os estranxeiros. A idea é relativamente sinxela: céntrase nos sectores da sociedade en que a aprendizaxe da lingua galega pode contribuír ao ben da normalización lingüística, para logo desenvolver unha brillante simbiose entre os dous. É sabido que a mellor maneira de aprender algo é ensinalo. De aí a idea que desenvolveríamos nesta campaña. A campaña céntrase particularmente na consolidación dos lazos comunitario-lingüísticos que supón a interacción do estranxeiro/inmigrante co estudante galego. Ademais, é unha campaña sostible, que resultará máis eficaz coa súa continuidade.

Para nós, interesados en que a lingua galega consiga avanzar e mesmo potenciarse no século XXI, é importante crear redes autosuficientes que funcionen a partir dun investimento estatal *inicial*, pero que despois consigan sosterse coa súa propia propulsión. Nos pavillóns do Galeguismo saben que o mellor investimento é coa xente nova, e que é imprescindible fornecelos de razóns para falar galego, aínda que os medios de comunicación e a estreita relación que nos une coa lingua castelá fan que cada vez máis a aquel se lle atribúa a reputación de pertencer ao pasado. Aos nenos e ás nenas, o pasado non lles interesa tanto, interésalles máis o presente. Quizais, a partir da adolescencia, comezarán a investigar e se interesará polo seu pasado na pescuda da súa identidade. Así que a manobra chave é crear para eles unha realidade en que a lingua galega *existe actualmente e depende deles*. Vexo unha clara posibilidade aquí, é dicir: un programa de dinamización lingüística en que membros das clases avanzadas de galego para non galegofalantes irían ás escolas para fomentar que os nenos e os adolescentes lles falen (lles ensinen) o galego durante a clase, e darlles razóns para empregalo na vida cotiá. Estas razóns fanse evidentes no proceso de ensinar a súa lingua. Aseméllase a un intercambio entre os que queren falar galego (os estranxeiros) e os que poderían falar se quisesen.

Os estranxeiros, pola súa banda, poden querer aprender o galego, pero non ven a necesidade obxectiva de facelo. Moitas veces un escoitará a un estranxeiro queixarse de que a maioría das súas interaccións coa xente na rúa transcorren en lingua castelá. Por educación ou por impaciencia, moita xente escolle falar castelán cos estranxeiros. Mesmo existe a idea de que o galego é un trazo idiosincrático dun pobo, e que a disposición dun estranxeiro a aprendelo pode representar unha intrusión nesta lingua que é chave identitaria para algúns. Falando desde a perspectiva de alguén que vén de fóra, eu constato que os estranxeiros e os inmigrantes que viven aquí queren ser implicados neste ámbito tan importante da vida galega, e o que é máis: poden ser un grande aliado na dinamización da lingua galega, contribuíndo a darlle presenza social e facela necesaria para a vida cotiá, como sería o caso de que falamos antes: a relación entre os estranxeiros e a mocidade.

A xénese destas cavilacións vén directamente da miña experiencia como estudante dun curso de Galego para estranxeiros e como observador da ledicia que amosa calquera neno que ten o honor de ensinalle ao seu “profe” de inglés o galego que aprendeu dos seus avós. Eu noto que hai moita xente que se emociona así, que escoitan a súa lingua falada por un estranxeiro. É difícil de explicar, pero sei que un proxecto desta índole, ben dirixido, utilizando expertas tácticas psicolóxicas do ámbito da dinamización, terá enorme impacto.

II. Consideracións ideolóxicas

A vantaxe dun proxecto deste estilo estriba no feito de que a infraestrutura xa existe, tanto pola parte da educación pública como pola parte do ensino do galego como lingua estranxeira. A nivel administrativo, a campaña precisaría dunha persoa como mínimo, quizais dúas, dependendo do nivel de cooperación interna, para concretar datas, arranxar as consideracións loxísticas (transporte desde o centro de linguas até a escola en cuestión, e mesmo podería ser transporte público, por que non?), e desenvolver un deseño curricular que apreixe esta nova realidade: a interacción entre eses dous grupos. Nestas clases creo ideal facer énfase na estrutura lingüística e, sobre todo, evitar castelanismos. Isto último é moi importante nesta dinamización nas escolas (e mellor aínda para o estudante non galegofalante)¹. É necesario que os nenos escoiten estranxeiros falando en Galego, aínda que sexa cun lene acento polaco, ou co seseo indiscri-

¹ Cremos necesario enfatizar o feito de que os alumnos deben falar sempre na lingua galega, particularmente se os alumnos ou os profesores do instituto ou do colexio lles falan en Castelán. Ao noso parecer, esta práctica motiva que moitos falen en galego por respectaren algo que pode ser descrito como “coherencia lingüística” dentro dun determinado marco (neste caso, a discursividade presente nunha conversa).

minado dunha rapaza canadense, ou a través da voz estridente dun ruso de dous metros de altura. Para estes nenos será a súa oportunidade de se recoñecer no seu intercambio con esta xente que vén de fóra e que se amosa tan interesada nesta cousa, no seu Galego!

Para os estudantes de Galego que queiran participar no programa (serán moitos), estas excursións puntuais ás escolas e aos institutos serviría para engadir un elemento de importancia e gravidade á súa experiencia coa lingua. O feito de entender a súa posición como falante dunha lingua en perigo de extinción daralles un sentimento que non existiría se non se soubesen capaces de axudala concretamente desta maneira. É dicir, é probable que o estudante nesta posición aprenda máis e de boa gana.

Ao longo dun ano (ou un período de 3 meses, segundo as bases do Curso de Galego para non Galegofalantes, onde sexa) esta aprendizaxe podería servir para crear lazos antes descoñecidos. O proxecto promete ser moi positivo ao darlles a todos os involucrados moito máis do que poderían lograr traballando en campos separados. Estará aberto a unha enorme cantidade de participantes procedentes da Escola Oficial de Idiomas, do Servizo de Normalización Lingüística, dos centros sociais, ou da Xunta de Galicia en Santiago, e en todas as cidades que teñan polo menos un centro onde impartan cursos de Galego para non galegofalantes. Para que o programa funcionase sería imprescindible que a comunicación entre estes sectores fose fluída e que houboese polo menos unha persoa que sirva de elo para unificalos.

III. Consideracións prácticas: o programa piloto

Acabamos de explicar un proxecto de grande extensión, algo parecido a unha plena utilización dos amplos recursos humanos. Para o noso caso, precisamos de algo máis manexable que podería amosar que estas ideas son eficaces e factíbles.

Este programa sería dirixido por unha persoa que traballase estreitamente con varios organismos. A súa apertura de oportunidade podería ser, nun caso ideal, nun momento do ano en que os alumnos teñan menos carga lectiva. Pero en toda a súa practicalidade sería máis ben para novembro ou principios de decembro, cando os institutos se lembran de que é hora de empregar a súa bolsa da Xunta. Entón, digamos que este programa piloto estará para finais de novembro.

Sería interesante ser fieis ás catro distintas realidades da cultura galega que gravitan ao redor dos eixos interior/costa e campo/cidade e pode ser que as clases en cada unha das áreas dean luz sobre as distintas necesidades pedagóxicas que require cada unha. Quizais no futuro podería espallarse até esas áreas para fomentar un coñecemento verbo da eficacia do programa en cada localidade. No entanto, pensamos que de momento, cómpre acoutar a extensión do proxecto ou a Santiago de Compostela ou á Coruña ou a Vigo onde os gastos derivados do transporte serían mínimos e onde hai unha poboación de estranxeiros que facilmente podería participar no ensino.

Esta campaña intentará contar coa participación de entre 5 e 8 institutos (ou colexios se é economicamente posible) durante un mes neste período piloto. Dúas veces cada semana un grupo de 5-6 (ou máis) voluntarios, acompañados do coordinador do programa, participarán en 2 obradoiros de dinamización de, aproximadamente, unha hora e media de duración, traballando co alumnado nestas institucións. As clases centraranse na participación do alumnado, co voluntariado xogando o papel de integrarse en pequenos grupos de estudantes durante cada actividade, creando así un ambiente en que cada alumno, lonxe de ser recipiente ou observador, terá a oportunidade de participar activamente, construíndo o coñecemento como suxeitos axentes. Os alumnos *aprenderán xuntos* ao lado do voluntariado; ambos participarán nas actividades dirixidas polo coordinador. O elemento máis potente nesta dinámica é que a xerarquía que normalmente supón unha “clase” onde exista unha clara liña entre o profesor e o alumno será aniquilada totalmente, dando paso a un ambiente cooperativo onde os alumnos poidan falar con máis liber-

dade dentro da creatividade, enerxía proactiva e seguridade que ofrece un grupo pequeno. A comunicación con este elemento novo que é o voluntariado volve ser o imperativo deste experiencia.

Coidamos que non será difícil “recrutar” voluntariado dos cursos de Galego para non galegofalantes. O necesario sería que o profesor alenrase a súa participación da campaña desde o principio dos cursos, respondendo as preguntas e poñéndoos en contacto co coordinador/director. Mesmo o propio coordinador podería falar coa clase o segundo día do curso. A información aparecería nun apartado, accesible a través dunha ligazón, do Servizo da Normalización de calquera das tres universidades. É recomendable que os alumnos que queiran apuntarse para seren voluntarios durante o curso teñan a opción de faltar a clase durante os poucos días en que os seus servizos son necesarios. Nos casos onde a clase sexa dun tamaño axeitado e todos queiran participar, o/a profesor/a (se esta persoa quere) tamén podería contribuír moi positivamente á experiencia. O seus alumnos estarán construíndo experiencias educativas sen dúbida máis dinámicas do que recibirían se estivesen nunha clase convencional.

IV. Consideracións metodolóxicas: unha mostra didáctica

O coordinador sería o responsable da preparación dos obradoiros, até o último momento. Non é suficiente a simple presenza do voluntariado. As clases consistirán nunha serie de actividades que pretenden aprehender a experiencia que os une - a lingua galega - e as diferenzas xeográficas, sociais e lingüísticas que os separan. O mapa das posibilidades é rico en contidos transversais e aprendizaxe común. O que segue é un exemplo, un dos moitos que terá preparado o coordinador.

I. Introducción por parte do coordinador. Se é unha persoa que aprendeu



o Galego como segunda lingua, a súa mensaxe será máis impactante desde o principio.

II. Biografía: durante 10 minutos, os grupos inquiren sobre o seu voluntario, para logo contarlle á clase os seus descubrimentos (o seu nome, de onde é, que fai na vida, que lle gusta facer as fines de semana etc.).

III. Os do instituto serán encargados de ensinalles algo aos voluntarios. O contido pode ser múltiple, desde a historia de Galiza, a xeografía, a cultura, a arte, a música, a gastronomía etc.

1. Antes das actividades, cada grupo dos novos recibirá información diferente en forma de cartafol de material sobre unha destas categorías que lles entregará o coordinador, e logo será o seu traballo explicarlle ao voluntariado o contido.

2. Despois de 10-15 minutos de ensino, o voluntario contestará as preguntas que lle fagan os *outros grupos* sobre os contidos que tiña que ter aprendido.

3. O voluntario que mellor responda será obviamente o que acadou un maior rendemento no proceso de ensino-aprendizaxe. Así que ese grupo gañará algún premio.

IV. Teatro (2 opcións)

Opción 1:

1. En pequenos grupos de 4-5 persoas, cada un cun voluntario, os alumnos ensaiarán unha obra de teatro, un monólogo, ou unha historia.

2. Despois de 10-15 minutos de aprender as liñas, as accións, os personaxes, e algo sobre a obra e o autor (que saberá o coordinador, por suposto),

os alumnos actuarán para o resto da clase.

Opción 2:

1. En pequenos grupos de 4-5 persoas, cada un cun voluntario, os alumnos ensaiarán as liñas que forman parte dunha obra de teatro que será unha pequena peza feita explicitamente para este propósito.
2. Os alumnos recibirán o seu texto na súa totalidade, coas liñas que lles correspondan, pero sen saber que papel xogan as súas palabras no argumento xeral da obra. O que no seu texto parecía unha conversación inocente, será en realidade unha alusión a un asasinato. O que lle parecía sen importancia devirá en algo importantísimo.
3. A obra será gravada, para vela despois da actividade, e para alentelos/as, no momento, a actuar con máis destreza e despeito.

V. Conclusións

O alumnado recibe as grazas pola súa participación no obradoiro e pola ensinanza aos voluntarios. Unha conversación sobre a situación lingüística do Galego. Os alumnos recibirán o enderezo electrónico do programa e a páxina web onde eles tamén terán dereito a participaren en foros que forman parte da *blogosfera galega*.

V. Estimación orzamentaria

Para un despregamento tan enorme de recursos, o orzamento sería relativamente pequeno. Unha explicación pormenorizada non é, neste momento, posible desde a miña posición, pero os gastos que recoñe-

zo dende o principio son os que se citan a continuación. Para asegurar a calidade do programa sería de grande interese a mobilización dun grupo de voluntarios nativos e estranxeiros que falen galego e que crean moito no proxecto, grupo que no presente xa existe². Este grupo (ou grupos), dirixido polo director do programa, axudaría no desenvolvemento do proxecto, servindo de enlace entre os empregados da Xunta e os estranxeiros que estudan Galego.

1. Coordinador/a ou director/a: esta persoa sería responsable do funcionamento do programa de intercambio. Debe ter contactos de confianza que poidan facilitar o proceso a nivel xeográfico e institucional. Estaría encargado de coidar as seguintes necesidades:

- Poñerse en contacto cun representante xeográfico que podería xestionar a nivel local, ou, se esta opción non fose posible, realizar as seguintes accións:

- Poñerse en contacto con todos os profesores de Galego, coidando a ensamblaxe dun programa coherente de dinamización especificamente deseñado para esa dinámica tan única.

- Establecer contacto coas escolas, coordinando as datas de antemán e asegurando que a relación entre os centros dure e sexa tamén produtiva para eles.

- Buscar e conseguir fondos económicos ou bolsas.

- Buscar publicidade na prensa, se esta opción for posible.

- Calquera procedemento legal que sexa necesario para que os encontros poidan ter lugar.

² Este autor coñece moita xente que amosa moito interese nun proxecto deste tipo, xente que vén de países tanto da Unión Europea como doutras partes do mundo. Aínda que neste proxecto falamos concretamente dun modelo de intercambio entre institucións, no futuro sería aconsellable facilitarles a entrada a esas persoas que teñan un nivel tan alto de Galego que xa non pertencen a ningún curso.

2. Transporte público/privado para os estudantes voluntarios.
3. Materiais para as clases de dinamización (libros, mapas, fotos, máscaras etc.).
4. Fondos reservados para unha campaña de publicidade para atraer “Galegofalantes estranxeiros” ao nivel local, que poderían contribuír tanto nas clases como na consecución das necesidades do programa.

No caso do programa piloto os gastos sería menos aínda. A seguinte táboa demostra o investimento necesario, dividido entre un coordinador e a publicidade:

Os estranxeiros e a mocidade aprendendo xuntos o Galego Estimación orzamentaria, programa piloto

1. Coordinador	
8 días de clase (3 horas/día x 25 €/hora)	600 euros
Preparación, reparto de publicidade, planificación, comunicación	300 euros
Material funxible	78 euros
2. Publicidade	
Deseño de trípticos	100 euros
Impresión dos trípticos a 4 tintas, 2 caras (1.000 uds.)	350 euros
IVE (16%)	72 euros
Total	1500 euros

Conclusións

A nivel institucional e estatal/global, un proxecto deste tipo posúe certas características moi apetecibles. Coa crecente preponderancia da Unión Europea, que ten como lema *Unidade na Diversidade*, Galiza atópase nunha posición claramente envexable. A posibilidade de recibir fondos económicos desta entidade vólvese particularmente interesante cando un analiza a posición xeográfica de Galiza, sabendo que un dos grandes desafíos para Europa no futuro será a inmigración. Que postura tomará? A longo prazo terá sentido empregar esta forza vital imparable que é a inmigración. A participación do inmigrante nun proxecto desta magnitude crea unha situación positiva para moitos sectores da poboación. Estas proxeccións poden parecer altisonantes, pero o certo é que a inmigración é unha realidade moi presente, e cada vez máis.

Esta breve proposta pretende establecer a facilidade con que podería cumprirse e a harmonía destes dous elementos que parecen querer completarse mutuamente. Crea, sobre todo, unha realidade construída sobre a lingua galega, dándolle firmemente unha posición dinámica no presente —cada vez que persoas procedentes de fóra ou de España mesma interactúan cos meniños ou adolescentes—. Dise aquí moito que todo o que vén de fóra parece unha cousa marabillosa, exótica, deseñable. E quen serán eses que están entrando agora na aula? Estannos a falar na nosa lingua! Neste momento o galego como concepto e vehículo comunicativo cambia totalmente na mente deses nenos —actualízase, vólvese presente— e ao longo de anos, este cambio efectuado na consciencia de moitos nenos terá impacto. É dicir, moitas relacións empezarán na lingua galega, o que significaría un progreso notable. Como campañas previas nos teñen ensinado, a psicoloxía da lingua transcende alén da súa capacidade comunicativa, é un patrón que se establece desde o principio: se coñeces unha persoa en Galego, é máis que probable que a relación se manteña en Galego.



✧

44 LUÍSA VILLALTA

3

Terceiro premio categoría
Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

E ti de que padeces?

Autores: Rubén Casado Méndez e Martín Pereira Fariña

Un dos maiores atrancos para os alumnos ou profesores que desexan empregar o galego nos seus traballos científicos é o descoñecemento do léxico especializado nesa lingua o que os leva, a miúdo, a renunciar á súa angueira. Certo é que, desde xa hai tempo, os distintos servizos de normalización lingüística das universidades galegas están incidindo con especial fincapé neste punto. É o caso, por exemplo, do Servizo de Normalización Lingüística da USC, que mediante proxectos como USC-LEXITERM ou bUSCatermos tenta non só determinar ou establecer conxuntamente con especialistas o vocabulario máis axeitado nos diversos eidos científicos, senón tamén poñer a disposición dos usuarios ferramentas de traballo que permitan resolver e aclarar as cuestións que xurdan a este respecto. A pesar disto, é doado comprobar que a difusión e o emprego desa terminoloxía non é a desexada, en concreto:

A. O coñecemento por parte do alumnado do léxico científico galego é reducido e, como consecuencia diso, o seu emprego é minoritario.

B. Ao existir poucos elementos que incentiven o emprego do galego nos contextos científicos, non hai interese por aumentar ese coñecemento, polo que

as ferramentas que os servizos de normalización lingüística poñen a disposición dos membros das comunidades universitaria son descoñecidas.

Os nosos obxectivos atinxen precisamente a eses dous puntos, é dicir, tratamos coa nosa campaña de incentivar o coñecemento e o emprego da lingua galega nos contextos científicos e contribuír á difusión dos recursos existentes neste eido.

O contexto que eliximos para expoñer o noso proxecto é a Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela, mais é perfectamente adaptable a calquera outra facultade do Sistema Universitario Galego.

A actividade fundamental consiste nun cuestionario ou proba interactiva que para solucionala sexa necesario coñecer determinado uso lingüístico en galego. As características da proba son as seguintes:

1. A dificultade da proba non radica tanto no seu contido como na expresión lingüística desta. Por exemplo, se a pregunta ofrece tres posibles respostas, que os estudantes, neste caso, de Medicina, non teñan dificultade en coñecer a resposta da pregunta, pero si en escoller unha das respostas ofrecidas, debido a que descoñecen o termo galego en cuestión.

2. A proba só se pode contestar *on-line* e consiste nun cuestionario de, por exemplo, dez preguntas e cunha presentación atractiva. Ten que haber distintos cuestionarios, e a cada estudante tocaralle ao chou un deles. Os que respondan deben dar os seus datos e a titulación que estudan para, no caso de acertar, participar nun sorteo. Só se pode participar unha vez.

3. Para anunciar o cuestionario empregaranse carteis que se colgarán pola facultade. O cartel ten que ter tamén un deseño atractivo. Pode, por exemplo, retar os estudantes, provocalos, poñendo en dúbida o que saben. No cartel indicárase que se fará un sorteo entre os que aproben o cuestionario. Tamén ha de quedar claro no cartel en que páxina da USC poden atopar a “axuda” necesaria para resolver o cuestionario.

Ata aquí a proba conta cos elementos habituais de promoción (o cartel) e os incentivos (sorteo dalgún premio) o que reduce o seu ámbito de eficacia aos estudantes sensibles aos mencionados elementos. A contribución innovadora do noso proxecto consiste en deixar a promoción da proba nas mans dos estudantes que no ano da campaña van realizar o “paso de ecuador”. O “paso de ecuador” é a excursión que na metade da titulación adoitan facer os alumnos, buscando para iso numerosas medidas de financiamento. Deste xeito, o organismo que se encargue da campaña ten que elaborar a mencionada proba e encargarse da xestión de datos e da confección dos carteis. Debe tamén contactar cos alumnos que organizan ese ano o “paso de ecuador” e propoñerlle que, por cada alumno da Facultade de Medicina que cubra o cuestionario, recibirán un incentivo (por exemplo, 0,50 €) e por cada alumno que o aprobe, un incentivo maior (por exemplo, 1 €). Tamén serán eles os encargados de pegar os carteis, pois posúen un coñecemento privilexiado dos lugares de maior incidencia da facultade. Así mesmo, pódense concertar con este colectivo outros incentivos para que empreguen o galego nos carteis que eles elaboran ou nas distintas actividades que fan.

Deste xeito, conseguimos, no contexto proposto, actuar sobre os mencionados puntos A. e B. Os alumnos organizadores do “paso de ecuador”, aproveitando a súa posición privilexiada para contactar e convencer os demais alumnos da Facultade non só difundirán de xeito efectivo a campaña senón que contribuirán a que a participación nela sexa elevada. E na medida en que teñen máis interese en que as probas sexan superadas, tamén se encargarán de difundir a existencia dos instrumentos que o Servizo de Normalización Lingüística pon a disposición da comunidade universitaria, aumentando deste xeito o seu coñecemento, e posibilitando así o seu posterior emprego.

Consideramos que o desenvolvemento da campaña, para ser eficaz, debería desenvolverse segundo os seguintes prazos:

- Época de realización: segundo cuadrimestre. Cremos que esta é a mellor época, pois o “paso de ecuador” xa está plenamente organizado e facen-

do actividades para recadar fondos. Isto é imprescindible, pois a súa mediación é fundamental para o éxito da campaña.

Acerca da duración da campaña, consideramos que os seguintes prazos son os máis axeitados para o bo desenvolvemento de dita campaña:

- Prazo de inscrición do Paso de Ecuador de Medicina: do 1 ao 15 marzo. Durante este período, os alumnos que organicen o Paso de Ecuador, deberán poñerse en contacto coa organización. Esta proporcionaralle os carteis e indicarlle as bases da campaña e a súa metodoloxía. Propoñemos estas datas porque os exames de febreiro xa remataron e aínda non comezaron coas prácticas.
- Concurso: do 20 de marzo ao 1 de maio. Consideramos que este é un tempo o suficientemente amplo para que todos os alumnos interesados poidan participar.
- 17 de maio: posto que é o Día das Letras Galegas, consideramos que é un día moi axeitado para a publicación da lista de gañadores do concurso. Tamén se lle entregará á organización Paso de Ecuador o diñeiro acordado en función dos participantes mobilizados e dos acertantes.

Esta é unha campaña ambiciosa que, en último termo, busca implicar tanto alumnos como profesores da Facultade de Medicina da USC.

A pesar disto, a campaña vai dirixida, fundamentalmente, aos alumnos e alumnas, pois cremos que se eles comezan a coñecer e a usar o galego nas aulas, nos seus exames, nas súas preguntas aos profesores, estes, en último termo, sentiranse obrigados a poñerse ao día na súa linguaxe científica en galego para responder á demanda dos seus estudantes. Pretendemos que todos eles se impliquen para difundir entre eles o coñecemento dos termos científicos da linguaxe médica.

Esta campaña non fai tanta incidencia no seu uso como no seu coñecemento, pero cremos que o coñecemento é un paso previo e nece-

sario para que posteriormente esa linguaxe específica médica poida ser usada.

Por outra banda, esta campaña mantén unha colaboración moi directa coa organización “Paso de Ecuador”. Cremos que esta é un forma moi axeitada para que os alumnos e alumnas se impliquen máis, pois este tipo de organizacións gozaron de moita aceptación entre os alumnos.

Por outra banda, esta campaña tamén implicaría o Servizo de Normalización Lingüística da USC, como institución que puidese proporcionar toda a información lingüística necesaria para a elaboración dos cuestionarios do concurso. Por outra parte, tamén implicaría a colaboración de informáticos que desenvolvesen o formulario web do concurso.

Segundo os nosos cálculos, estimamos que o custo da campaña debe estar ao redor de 3.000 € que se distribuirían do seguinte xeito:

- Orzamento para o deseño do formulario web, dos carteis e demais: 1.800 €
- Orzamento para os premios: 1.200 €

★

50 LUÍSA VILLALTA

Categoría artigo xornalístico

Primeiro premio: José Rodríguez Martínez

Esencia galega

O proceso de converxencia europea que están a afrontar as universidades do noso contorno levoume a cavilar nos motivos polos que existen as carreiras que existen e na utilidade que teñen para o avance da sociedade. Decateime entón de que o saber humano é tan vasto que para ser operativo precisa ser dividido en múltiples áreas. Cando un neno ou unha nena comeza o seu camiño formativo no sistema educativo, as áreas de coñecemento son xenéricas e amplas, e os contidos son básicos e do máis dispares. Segundo avanza os anos e as rapazas e os rapaces van superando etapas, as materias escolares aumentan a súa especificidade e a progresiva especialización do currículo fai que os coñecementos sexan cada vez máis concretos. Ao cabo, cando acceden ao sistema universitario, a carreira escollida é o cúmulo de teorías e experiencias que explican polo miúdo unha parcela determinada do mundo en que vivimos.

O problema da compartimentación dos saberes agroma cando buscamos respostas a problemas xerais e complexos, que non poden ser abarcados e aclarados na súa totalidade desde unha soa ciencia ou especialidade. Problemas, na maioría das veces, que veñen de vello, por exemplo desde a antiga Grecia, e sobre os que a filosofía daquel entón e dos séculos seguintes non fixeron outra cousa que entealos e engadirilles novas cuestións para resolver. Non falo dos mitos, dos paradoxos nin das alegorías, senón dos temas universais. Cal é o sentido da vida? De onde vimos e a onde imos? Estamos sós no planeta?. Xa saben, esas cousas sobre as que non existe acordo e que incluso chegan a provocar enfrontamentos entre civilizacións.

No entanto, ao meu entender hai un asunto, o da identidade, tanto individual como grupal, que merece o status de cuestión primeira ou, se o prefiren, de nai do año. Quen son/somos? esa é, que me desculpe o gran Shakespeare, a cuestión. De nada vale coñecer os procesos microcelulares, explorar os fondos mariños, ou descubrir os extremos do universo, se non somos capaces de coñecernos a nós mesmos/as.

Os meus avós son galegos, meus pais son galegos, eu son galego, mais que é ser galego?, alguén o sabe?, sábeno vostedes? Eu admito, con humildade e pesar, que non teño nin idea.

Os sociólogos e sociólogas din que os galegos e as galegas somos un pobo, que compartimos unha cultura, uns costumes, un idioma, e outros criterios etnográficos que empregan para definir os atributos comúns das colectividades que a un profano na materia se lle escapan.

As e os historiadoras/es botan man dos acontecementos pasados para explicar as peculiaridades características da nosa comunidade ou país, que niso tampouco hai consenso.

As politólogas e politólogos teñen algo que dicir a este respecto. Tamén os/as licenciados/as en dereito. En definitiva cada disciplina proporciónalle unha peza ao crebacabezas, pero ningunha o resolve inequivocamente.

Sería imperdoable que me esquecesen os meus benqueridos filólogos e filólogas, quizais os máis bulideiros e combativos na defensa do galego, refírome ao idioma, entendido como elemento clave na conformación da identidade colectiva do pobo galego. Unha lingua fermosa e sufrida que, a base de campañas de normalización e de iniciativas concienciadoras tenta sobrevivir no proceloso mar da globalización, onde tantas culturas están a naufragar.

Podemos concluír que todas/os estas/es expertas/os teñen razón, en maior ou menor medida, mais non a razón pura, a completa, a que despexa definitivamente a incógnita proposta.

Que é ser galego? Hai xente que vive en Galiza que para nada se considera galega, hai quen desde a diáspora chora cando oe unha gaita, quen por traballo utiliza o idioma galego e cre que falalo é propio de pailáns, e quen ama o país e as súas xentes e só se sabe expresar en castelán.

Temos un clima, unha paisaxe e unha orografía semellantes aos que existen noutros lugares, e aínda así somos diferentes das/os asturianas/os, bretóns/oas, irlandeses/as etc.

Somos galeguistas, españolistas, lusistas, anarquistas... Somos diferentes e, con todo, dunha forma ou doutra todos/as somos galegos, somos galegas.

Que é ser galego? Por que son galego? Non sei, pero é o que hai. Sei que o razoamento non parece moi elaborado, mais é o resultante de todas as explicacións obtidas das diferentes disciplinas, e está apoiada por persoas de fondo pensamento lóxico. Os meus amigos, a miña familia e mais eu somos galegos, somos galegas, non hai máis, non hai menos.

Que me perdoen os/as amantes da socioloxía, da historia, das ciencias políticas, do dereito, da filoloxía e do resto de ámbitos do saber académico, xa que cando alguén me pregunta por que falo galego, eu non dou para máis e sempre lle contesto o mesmo: porque me dá a gana. E con este espírito estou disposto a enfrontar o proceso de converxencia europea e o que me boten.



Categoría artigo xornalístico

Segundo premio: Xohán Xabier Baldomir Cabanas

Elementos de lecer no sector privado: espazos sen galego

Por fin chegou o período de vacacións. Un merecido descanso despois de tanto e tanto traballo. Por unha temporada, poderei esquecerme das miñas obrigas académicas. Xa me tardaba. Tempo libre para facer o que queira. Pensei en gozar con esa soñada viaxe, aquela que levaba trazando desde hai meses. Así que dei en achegarme a unha axencia. Todo estaba ben agás unha cousa: non parecía que estivese en Galiza, posto que o idioma galego non aparecía por ningún lado. Nin nos folletos das compañías, nin nos anuncios da axencia... nin sequera na boca da dependenta. Parecía que xa estaba no estranxeiro, que me transportara a un lugar diferente monolingüe en español. E iso que non me separara nin dous quilómetros da miña casa.

En fin, regresei ao meu fogar, onde pretendía reencontrarme coa lingua. Sentei no sofá, quítei os zapatos e dispúxenme a ver un pouco a televisión. Collín o mando a distancia e prendín o aparello. O fenómeno do *zapping* non tardou en facer acto de presenza. E veña a cambiar de cadea. Mais de aí a un pouco tornei a sentirme como na axencia de viaxes. Vinte e tres canles televisivas... e só dúas en galego. As públicas da Xunta, como non. E para iso unha delas, pensada para emigrantes, repetía a programación da outra. A variedade era, pois, inexistente. Din que a TDT é a televisión do futuro, mais dá a impresión de que non existe o futuro para a televisión en galego.

“Xa non quero máis tele”, pensei para min mentres preparaba o reprodutor de DVD. Quizais unha película me distraese algo. Mais xa o título da

maior parte dos filmes non aparecía na lingua do país. Metín un ao chou. Busquei no menú o comando dos idiomas e iniciei a busca do galego... pois nada, podía verse a película con subtítulos até en árabe ou en sueco (con todo o meu respecto para estas linguas, por suposto), mais non en galego. A verdade é que xa me comezaba a andar na cabeza a ausencia da lingua en elementos de lecer, así que decidín introducir todos os filmes que tiña no aparello de DVD, por ver se algún traía a opción de ver a película en galego. Nada. Unha perda total de tempo. Das moitas que había no estoxo, en ningunha delas existía a posibilidade de escoitar os diálogos na miña lingua. E non só iso: en moitas ocasións, pese a tratarse dunha edición especial para o Estado español, só aparecía a posibilidade de ver a película en español ou en inglés. E que pasa co catalán, co éuscaro e (sobre todo) co galego? Para ser xustos, si había tres ou catro filmes que podían ser vistas no idioma galego. Tratábase de películas de produción ou de coprodución galega. Mais a versión orixinal viña case sempre en español, ao igual que os extras e o *making off*.

Vencido polo desleixamento do sector servizos e das industrias televisiva e fílmica, decidín acender a miña videoconsola de xogos, a cal estaba tan abandonada que até tiña teas de araña. A situación era moito peor que a do DVD. Infinitade de videoxogos traían escrita na marxe inferior dereita da caixa que os contiña, no medio dunha especie de selo que funcionaba como marca de calidade, a seguinte frase: "Totalmente en castellano". Mais os personaxes falaban un español ben español (valla a redundancia). Non parecía, pois, que fosen edicións deseñadas para todo o territorio hispanofalante, senón que máis ben semellaba novamente estar pensada para comercializarse no Estado español. Os xogos de videoconsola constituían en aparencia un novo espazo vetado para o idioma que falo habitualmente. Sentíame como Indiana Jones na procura da lingua perdida, como un Xoán sen Terra perseguindo un Robin Hood lingüístico agochado no bosque da indiferenza idiomática.

Gardei a videoconsola e prendín o computador. Conecteime a internet e... milagre! Había moitas páxinas en galego. E en moitas outras que viñan en español, existía un enlace mediante o cal se podían consultar tamén en

lingua galega, mais o dito enlace en ocasións ou ben non funcionaba, ou ben conducía os lectores a unha versión escrita nun galego máis que pésimmo, froito do labor sen supervisión dos tradutores automáticos. Alén disto, o número de webs en castelán era moito maior. Os foros máis coñecidos, as páxinas de xogos, os *chats*... todo estaba en inglés ou en español. Tornei a sentirme decepcionado. “Sempre me quedarán os blogues”, pensei para o meu interior, mentres a miña cara debuxaba un xesto situado a medio camiño entre a resignación e a indignación.

Así que, visto o visto, será mellor que me entreteña lendo ou fortalecendo os meus vínculos sociais. É máis saudábel, e poderei facelo na miña fala. Porque se teño que depender do sector privado para divertirme en galego...



Categoría artigo xornalístico

Terceiro premio: Noemí Álvarez Villar

Falas galego, e logo por que?

Recentemente sinto de forma constante que debo xustificar o uso da miña lingua. Son habituais as consultas, por parte de persoas descoñecidas, ou pouco coñecidas, que me preguntan por que falo galego.

Neste paisiño seguimos levando ás costas os prexuízos lingüísticos. Agora admítese que alguén novo fale galego pero dáse por suposto que iso leva asociada unha profesión ou implica unha postura política. Desta forma, é habitual que alguén che diga, ahh falas galego, non serás do Bloque? E isto dicho unha persoa que non te coñece de nada, e pensas: en que se basean para dicir iso? Pois, en nada, en que falas galego. Pero o sorprendente é que, a seguir, chega a miña avoa e o preguntón diríxese en galego, e eu penso, e logo por que falas galego? Será porque é a túa lingua, pero claro cres que é axeitada para a miña avoa pero non para min porque son máis nova ca ti, ou simplemente pensas que ti tamén poderías estar falando galego comigo ou con calquera, pero por algunha estraña razón non o fas. Non será vergonza ou medo!!!! É algo similar ao que lle acontecía a un profesor universitario, de Filoloxía Galega ademais, que recibía o nome (xunto coa súa familia) no edificio en que vivían, Os galeguistas.

No mellor dos casos vas ao súper e por pedir queixo, no canto do queso ao que están habituados, pensan que es algo peculiar e dinche, que raro unha rapaza tan nova falando galego? E que debo dicir? Sorrir como unha parva ou dicir, pois non o vexo tan raro...

Realmente, no mundo do negocio, tería experiencias incontables. Lembro que cando comprei o coche, tiven que amañar todo por teléfono porque

vivía nunha cidade diferente a aquela onde ía comprar o vehículo e, falando co home, en canto lle dixen que por traballo tería que pasar un sábado a recollelo, dime: e a que te dedicas? (ameazando un pouco a miña privacidade) e sen explicarlle a miña vida simplifíquei en: son profesora, e dime, de galego, non? Digo, si, e dime, home xa me parecía. Como que che parecía, o único que che podía parecer era que falaba galego pois aínda non me viches a cara.

E xa non falemos da noite. Lembro unha fin de ano en que un rapaz decidiu intentar mocear comigo e en canto abríu a boca dixo: pero por que falas galego? Home pois a ti cho vou explicar que non te coñezo de nada. Vai por aí e xustificalle ti a quen queiras por que nesta terra falas castelán.

Por sorte, tamén sempre aparece aquela amiga da miña nai que non indaga e só me di: como me gusta falar contigo, porque é tan bonito oírte falar en galego. E agora son eu a que curioseoa e penso: pero por que lles falas en castelán aos teus fillos, se queres que che falen en galego? Será porque eran outros tempos e pensaches, cando eran nenos, que por ensinárlles a falar castelán serían máis afortunados na vida... Pois ninguén te vai condenar por iso... pero home vai sendo tempo de cambiar, sobre todo se o desexas...

No seo da familia chegou un momento en que deduciron que era rara, froito da miña elección lingüística, pois os membros das xeracións anteriores falan galego pero os novos falan castelán. Xa non preguntan as razóns da miña opción, pois suporán que ao ser docente de galego é normal que o fale pero, por desgraza, seguro que non pensan que o proceso foi á inversa, que decidín ser profe de galego, entre outras cousas, porque son galegofalante e pola miña relación e implicación co idioma.





ANEXO 1

Convocatoria do **IV PREMIO LUÍSA VILLALTA**
a iniciativas normalizadoras nas universidades galegas

1 Obxectivos

O Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela e a Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, convocan o IV Premio “Luísa Villalta” a Iniciativas Normalizadoras cos seguintes obxectivos:

Promover a reflexión e a implicación da comunidade universitaria galega a respecto da situación da nosa lingua dentro das súas institucións e no contorno en que se desenvolven as súas actividades.

Fomentar a investigación en temas relacionados coa planificación lingüística e apoiar o desenvolvemento de iniciativas innovadoras creadas por persoas que pertencen ao ámbito universitario.

Utilizar as potencialidades técnicas e científicas e os recursos humanos existentes nas tres universidades.

2 Participantes

O concurso está dirixido a todo o alumnado de 1.º, 2.º e 3.º ciclo de todas as facultades e escolas da Universidade da Coruña, da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade de Vigo, así como os seus respectivos centros adscritos, que poderá presentarse, en cada unha das dúas categorías previstas, de xeito individual, ou en equipos de até un máximo de 3 membros da comunidade universitaria.

3 Categorías

Establécense dúas modalidades de convocatoria:

A) Artigo xornalístico:

Premiaranse os tres mellores traballos que, nun formato de artigo xornalístico (entre 500 e 1000 palabras) desenvolvan un tema relacionado coa defensa e promoción da lingua galega. Os artigos que se presenten a concurso deberán contar cos trazos máis significativos do estilo xornalístico, nomeadamente:

- linguaxe xornalística
- carácter de divulgación
- estilo breve e directo

B) Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega:

Premiarase os tres traballos que desenvolvan unha iniciativa normalizadora orixinal que teña como obxectivo o fomento do uso do galego quer no ámbito universitario, quer nalgún outro grupo ou sector no conxunto da cidadanía galega.

A campaña que se propoña para o premio desenvolverá o tema seguindo unha estrutura en que deberán figurar, polo menos, os seguintes apartados:

- Punto de partida onde figurar a situación do galego no ámbito en que se centrar.
- Obxectivos que se perseguen.
- Metodoloxía.
- Actividades que se pretenden desenvolver.
- Temporalización da campaña.
- Persoas implicadas e persoas a que implica.
- Estimación orzamentaria para o desenvolvemento da campaña.

Alén do contido e da estrutura da proposta que se presentar, valoraranse con especial relevancia as posibilidades reais de se pór en práctica e a súa capacidade de incidencia social. As tres universidades comprométense a ter en conta nas súas futuras actividades a campaña que resultar gañadora. Os dereitos que derivaren do seu uso serán propiedade das institucións organizadoras.

4 Tramitación

As solicitudes presentaranse a través do Rexistro Xeral das tres universidades, dirixíndose ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela ou á Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

Para alén do sobre en que se incluírá o texto do artigo xornalístico ou da campaña de promoción do idioma, sen ningún tipo de sinatura e co nome da categoría a que se desexa concursar, deberá acrecentarse un sobre cerrado en que figurarán os datos (nome completo, facultade, centro ou escola e mais universidade a que pertence, teléfono de contacto...) da persoa ou persoas que optan ao premio.

5 Prazo de presentación

O prazo fixado para a presentación de solicitudes será até as 14:00 h do día 15 de outubro de 2007.

6 Premios

Para alén de seren tidos en conta nas futuras actividades que se van desenvolver nas tres universidades, a contía dos premios será a seguinte:

A) Artigo xornalístico:

- 600 euros ao traballo gañador
- 300 euros ao segundo
- 150 euros ao terceiro clasificado

B) Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega:

- 1.000 euros ao traballo gañador
- 600 euros ao segundo
- 300 euros ao terceiro clasificado

Estes premios irán con cargo á aplicación orzamentaria 9890.9995.422D.480.08 "IV Premio Luísa Villalta. Conv. 07. Xunta. Normalización Lingüística".

7 Selección

O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio nos ámbitos a que se refire a convocatoria e a súa composición publicárase con antelación. Para a selección dos traballos premiados teranse en conta os seguintes criterios:

A) Artigo xornalístico:

- adecuación ao tema e ao xénero solicitado
- clareza expositiva
- calidade lingüística
- contidos atractivos e orixinais
- grao de incidencia no público receptor

B) Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega:

- viabilidade da idea
- incorporación de elementos de innovación e melloras tecnolóxicas
- multidisciplinaridade e carácter transversal do proxecto
- novidade e orixinalidade da iniciativa
- calidade lingüística da exposición

8 Avaliación e fallo

O fallo do xurado será inapelable e terá lugar dentro dos 30 días seguintes á finalización do prazo de entrega de solicitudes.

O xurado resérvase a posibilidade de declarar un ou varios premios desertos.

A data do acto de entrega dos premios publicarase oportunamente e coa debida antelación.





70 LUÍSA VILLALTA

ANEXO 2

Resolución do **IV PREMIO LUÍSA VILLALTA**
a iniciativas normalizadoras nas universidades galegas

O xurado do IV Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras -composto por D. Luís Caparrós Esperante, presidente, D. Xosé Ramón Freixeiro Mato, secretario, D.^a Goretti Sanmartín Rei; D. Manuel Núñez Singala e D. Xosé Henrique Costas González- reunido o xoves 15 de novembro de 2007, ás 10:30 horas, acorda, por unanimidade, conceder os seguintes premios:

**1 Deseño dunha campaña
de promoción da lingua galega**

Primeiro premio

A miña lingua é galega

A autora deste proxecto é:
Patricia Comesaña Comesaña



Segundo premio

Os estranxeiros e a mocidade aprendendo xuntos o Galego

O autor deste proxecto é:
Mark Wiersma

Terceiro premio

E ti de que padeces?

Os autores deste proxecto son:
Rubén Casado Méndez e Martín Pereira Fariña

2 Artigo xornalístico

Primeiro premio

Esencia Galega

O autor deste artigo é:
José Rodríguez Martínez

Segundo premio

Elementos de lecer no sector privado: espazos sen galego

O autor deste artigo é:
Xohán Xabier Baldomir Cabanas



Terceiro premo

Falas galego, e logo por que?

A autora deste artigo é:
Noemí Álvarez Villar

O secretario
Xosé Ramón Freixeiro Mato

O presidente
Luís Caparrós Esperante

Servizo de Normalización Lingüística
Universidade da Coruña

snl@udc.es

www.udc.es/snl

organiza



SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

colaboran



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



UNIVERSIDADE
DE VIGO